

O arco da luz

Mírame, mírate, mírame en ti

e escólleme para soñarte...

Luísa Villalta

A Luísa Villalta

Inmemoriam

No claustro que habitaches

xa todo estaba escrito.

A Maruxa, a Rafael, artífices dun alma que está en nós.

Na música.

Na palabra

Como o froito das viñas
baixo o agarimo do sol
e as caricias da lúa
noite a noite,
día a día
en min
xermolaron
para ti estes versos.



Voces do haiku.

Momentos da palabra

en pequenas fugas.



Clave de lúa.

Concerto para cordas

de luz e bágoas.



Dende as sombras

estás sempre a mirarme

fuxidía estrela.



Luz do luar

Ao abrollar entre as nubes

albor de prata.



Nesta mañá de sol

a calma imprime un selo de eternidade ao tempo.

Melodías artelladas con violíns mudos

están a chorar por ti, viaxeira dun espacio

alén dos seus propios límites.

Pousada neste intre nun recanto da luz,

es palabra e alborozo no bico dos paxaros.

Silencio habitado pola música do espírito.



Ese momento.

No que o vento ao pasar

levaba as flores.



Rosada na herba.

Diamantes engastados

nun tapiz verde



Pranto da choiva.

Pasan nubes de outono

cabalos grises.



Dende o relustro dun solpor

pulsas co arco da luz as cordas do infinito.

A música está en ti.
E flúe do silencio
na marea da nostalxia.



Amañecía.

No ceo, o gume da lúa
curvo sorriso.



O merlo asexo
a mañá soleada
dende a cerdeira.



Cerdeira en flor
a lúa o seu espello
cada novo abril



O tempo pasa.

Mais a música das túas horas

intacta

permanece.

Xa es interprete de eternas melodías.

Dende o sorriso malva

dos amenceres.



Flores de inverno.

Pálidas lúas de ouro

os crisantemos.



A luz do outono

vai prendendo nas árvores

lupas de ouro.



Sementade de estrelas
de paxaros e flores
as vosas colleitas



Novembro.
Pasan nubes enloitadas
pasan
con veos de cinza.
Pasan...
E ti, a tanxer a cítara
tras da fermosa lúa.



Tendida ao sol
pensaba nos veráns
que non vivín.



abrochos novos
entre as ramiñas núas
tremían verdes.



Levan grilandas
e enredadeiras verdes
os días por maio.



Nese longo río
onde xa fostes quen

de converter a espuma
ninha rosa estática,
o tempo fica preso
no limite difuso dos teus dedos.



Flor da cerdeira.

Na maña de verán

branca folerpa.



Arrastra o vento

remuíños de follas

no bosque espido.



O sol de inverno

fogueira no camiño.

Calor dos pobres.



Soñas coa luz dos teus veráns.
Esa luz que creaba en espacios máxicos
reinos de paxaros e bolboretas.
Espacios nos que medraban as risas e a ledicia.
Soñas, si, coa luz de aquel verán.
Onde mandaban tan só as voces e o sentir dos nenos.
Soñas, soñas coas luces do verán.
Esas luces que traían no colo verde
promesas, recendos e flores.
Soñas.
Coa ledicia azul dos días.
Co mar.
Onde as dornas se miran
coma nun espello.



E aquela risa
que enchía a casa toda
agora é silencio.



Apagouse a túa voz.
A súa leda resonancia
quedou na choiva.



Luz da invernía.

Tinxe o cumio dos montes

sutil violeta.



Soño.

O sol está cheo de océano.

Ou é o océano o que está a brillar

cheo de sol.

Velaí

a maxia dos espellos.

O ar ábrese con múltiples ás.

Grises ás de gaivota.

Tecidas co algodón das nubes.



O arrecendo da noite.

O teu silencio...



Baten no vento
espadanas e xuncos.

Relouca un lirio.



No bosque espido
un ledoson de frautas
viste o silencio.



Ese vento mareiro que ven roubar
a mañá aberta con mans de sal.
Luz que te vas tras del
lonxe, moi lonxe...

Coma un ben perdido.

Cara as sombras
do Universo



Vexo unha vela
entre azuis espellos
perdida e soa.



O lombo do mar
tremía baixo o ceo
espido e verde.



Tremía o mar
e danzaban nas ondas
faíscas de estrelas.



Dúas velas altas.
No alto mar.
Ti máis el
dous veleiros
que xogan a xuntarse
mais logo distáncianse
perdéndose entre a brétema
que descende das nubes.

O mar
é todo soidade.
E danza nas ondas
unha pena aberta.



Lúa de outono
pendurada do amieiro
mazá de ouro.



Lúa de nácara
semellas flor ás veces
outras es bágoa.



A media lúa
coma peixe amarelo

nada no río.



O outono de cellas grises

xa está aquí. Chegou.

Está en min.

Trema no ar o hálito amarelo

dun crisantemo.

Ti, en espírito

pousas no van da miña ventá.

Entre un xogo de luces e sombras

máis sombras que luz

alcánzanme

os teus beixos fríos.

O outono silandeiro xa chegou.

Veu pechar quedo, moi quedo

os ollos do sol.



Xuño é un breve

momento de recendos

locuaz e verde.



Cabo unha estrela

a lúa sutil gume

pequena ponte



Peguei os olhos
para sonhar a choiva
de abril, as flores.



Lonxe, fóronse lonxe as andoriñas.
Mesmo perdéronse as palabras con que ti as saudabas
cando viñan, acróbatas do ar
a trazar na paisaxe, contra o azul, sen música,
plumas ao vento
unha inédita e negra coreografía

de sutís arabescos e ás.

Quero habitar eses invisibles mundos que elas pintaron,

Dixeches,

e que aínda perduran

na albar e xélida atmosfera

do inverno.



O xirasol

unha enganosa estrela

de talo verde.



Na charca a ra
croa a súa nostalxia.
Nubrada a tarde.



Roía a choiva
os nos da negra terra
fértil, ferida.



Estou esperta e soño.

Unha luz
anda a danzar nos meus adentros.

Pecho os ollos e escoito
o dourado zunido das abellas.

Vestida de luz verde
inda sinto a herba tremer ao meu redor.

Da terra. Desta terra que habito
abrochan dos meus ósos, a árbore e a flor.

Rechouchíos de paxaros por riba de min, e o cantar ledó
das follas dos amieiros.

Alcánzanme os pasos do ar; o olor, a voz queda do río.

Seica xamais
hei de ver, nin caberá en min
tanta beleza nin tal contento.

Estou esperta...

Soño...

Branco silencio.

Aterecidos campos

de chumbo o ceo.



Chove a deus dar.

Illas de auga e de lama

reinos de nenos.



E nas lembranzas

aquel olor a choiva

dos seus cabelos...



O ceo cubriuse de cinzas.
Hoxe choran os anxos por ti
brandas bágoas de xeo.
Pétalos mainos están a caer
están a caer...
Pousan
sen ruído
nos montes, nos vales.
E visten os verdes
de branca inocencia.



Morría a noite.
O sol rachou de súpeto
seus crespóns negros.



Baixan do ceo
bágoas de sarabia.
Chora o inverno.



Melancolía.
Camiño pola casa
pisando sombras.



Asomada á fiestra
fíreme a luz durísima do sol
que tinxe o espacio de rudo amarelo.

Afiadas loairas
fenden as nubes.
A mañá, logo de esluírse as estrelas no ceo,
rompe de vez a tregua da noite.
E comeza a andaina da música triste
de todos os días.

Volta
con esta luz de inverno
a miña melancolía.



E procurábanse
perdidos entres ondas
os nosos nomes.



Bisban no mar
entre o vaivén das ondas

labios de estrelas.



Teus raios lúa
coma espadas de xeo
fenden a noite.



A eternidade soan as ondas
que van rodando de mar en mar.

Unha estrela na auga,
nenos que enredan...

E intercambian bicos de sal.

Pas, cubos, castelos,
unha pelota azul, brinca entre azul e azul.
Pérdense e non regresan bolboretas no ar.

Mentres
as horas pasan con
apresurada lentitude
nun reloxo de area.



No cuarto dela

penumbrosa quietude.

Dormen seus libros.



Xélido inverno.

a fervenza é de vidro

a lagoa espello



Dende esta ourela

o mar crea distancias.

E ti, máis lonxe...



Unha man
póusase, e ninguén a ve,
sobre a páxina en branco
dun libro inconcluso.
Leve aceno de man branca
o desa man.
Sinal levísimo de brétema ou fume.
Entregada á grafía do silencio
esa man
que ninguén ve
está a escribir
un derradeiro
e invisible verso.
No teu libro.

O vento agasalla ao amieiro
co don sonoro. Préstalle a luz de outubro
seu rir de ouro



E no silencio
o voo de dúas moscas
rumor de tronos.



Verdes os xuncos
brancas sombras de lirios
pacen na auga.



Cabo de ti
nace unha fonte
de onde abrolla
líquida e transparente
sutil música.
Espacio reservado
para a luz gardar.
Esa luz túa.
Que non esmorece.



En algures
no invisible ángulo
do meu lado escuro
amañecendo ti.



Soan esquías.
Polo cumio dos montes

rodar de tronos.



Luz do solpor.

Un resplandor de fragua

ilumina a tarde.



Ti, Luísa...

sentindo o desexo de volver.

Sen saber

que pertences xa ao tempo e á palabra.

Que estás en nós.

Coa música.



Luz outonal
a senda daquel monte
a ti me leva.



De chumbo o ceo.

O sol mírame triste

preso das nubes.



Inesperadamente

o bosque foi silencio

falaban as súas cores.



As camelias brancas que florecen

tras do gastado azougue dos espellos

dinme que viñeches alegrar

as horas silenciosas
coa clara resonancia dos teus versos.

Ti.

Alma en luz.



Allegro, allegro pequeno,
resonancias de líquido cristal.

Os pasos da choiva.



Nubes, paxaros.

Nos espellos dos ríos

sombras que voan.



Con pés de choiva

e asubíos de vento

chegou o inverno.



A alegría
onte, ao deitarme, estaba en min.

Perdéseme.

No sopor dunha hora
que non debía de ser.

Unha hora estraña
que xa non lembro.

Buscareina.

Buscarei a miña alegría
por todos os recantos.

Estame a chamar, a chamar...

Di o meu nome.

Quedo

moi

moi

quedo.



Pingas de choiva.

Perlas no limoeiro

que bebe o merlo.



A alma é feble

bolboreta prendida

de sutil fío.



Vexo no estanque

entre as augas sombrías

chamear aos peixes.



Soan campás.

A choiva, é tempo de chover,

pide unha tregua.

O ar volveuse azul

e está a chamar por min.

Voume.

Nota en fuga.

Deixo para vós

un concerto inacabado

e dúas bágoas

que esvaran nun cristal.

Voume.

De súpeto

os ollos téñenme ás.



Liturxia das aves
nos altares do outono.
Ladaíñas de merlos.



De anoitecida
nas casiñas do val
xa ardía o lume



Volveuse a tarde

caverna onde só escoito

o son da choiva.



O domingo

é unha tregua que promete música.

Rumor de novas voces

presencia de cereixas

e estrelas espalladas polo mar.

O ar terá sabor a viño.

A ledicia

invádeme.

Núa

xurde

alborozada en min



Morría a tarde.
No cumio da montaña
agromou a lúa.



Os tamarindos
axitan vaporosos
a plumaxe verde



Na beira do mar
xardíns de algas e cunchas
entre auga e area.



As nubes
vestidas de pomposo algodón
fían laboriosas madeixas de auga.
Emiten un bruído ao se tocar.
Ao entrecruzar as súas agullas aceiradas.
As pelexas entre nubes
suscitan sempre a furia do relampo.

A música estentórea do trebón.

É azul a cicatriz que deixa o raio.

A choiva.

Baixo ela

o campo é verde

e vólvese

enchoupada melodía.

Mar vexetal.

Deserto onde florece

o meu silencio.



Baixo da terra

xa soñaba a semente

que era papoula.



Vén a rosada
a enfiar entre as herbas
perliñas de auga.



Veos de néboa
arroupaban na fraga
as árbores núas.



Sinto que me fire o voso pranto.

Sabede que o silencio é a mellor maneira
de expresar o noso pesar máis íntimo.

Arroupádeme en silencio.

Son silencio.

Silencio que ven a vós
nunha intanxible música.

Escoitádeme...



As vidas vanse.

As almas botan raíces
cabo as estrelas.



O sol de outubro
Asolagaba a mañá.
Afogueime en luz.



No areal da praia
a grafía dos nosos pés
borrou o vento.



Esa estrela branca
que se tinxe de ouro no escuro.

Buscádeme nela.

Ou no arco da lúa.
Cando debuxa no ceo
a curva dun sorriso.



Detente tempo
pois quero sentir meu
un fugaz instante.



Xuño é un breve
momento de recendos
locuaz e verde.



Abril, o cuco
da leda primavera
fiel pregoeiro.



Vivir

é camiñar por un fío que mide o noso tempo
levando nos beizos un sorriso que delata
o medo primixenio.

Vivir

é sentir a alma entre as mans
co latexo dun paxaro cativo.
Se afrouxamos irásenos voando.
Se apertamos cesará o seu latido.

Vivir

é facer un complicado xogo.
De maxia e equilibrio.



A durmideira
faroliño do soño
luz entre a herba.



Ollos de estrela
insomnes pestanexan

no escuro ceo.



Os vagalumes
rosario que na noite
debulha os seus misterios.



Nesa hora
que non marcan os reloxos
envolta no arrecendo
das rosas e as cereixas
Así virei a vós.

Si, así virei.

Nos ollos alborexando

dúas estrelas.

O sorriso nos beizos.

E co sol na man.



O merlo asexá

a mañá soleada

dende a cerdeira.



As andoriñas
fuxiron do verán
e inda era agosto.



Viñeron días de grandes choivas.
Sementes e espíritos
volvéronse flor.



Volverás.

Por marzo volverás a nós

na música das ramas verdes.

No asubío dos paxaros e os ventos.

Eses ventos que traen a flor nos beizos.

Si, volverás.

Virás da man da luz

nos ritmos concertados

da lúa e as mareas.



Sinfonía das árbores.

Sen música, as follas bailan un minueto.

En clave de luz.



Agullas negras
van tecendo sen pausa
o tapiz do tempo.



Anuncios de neon
e luces de semáforos.
Acuarelas do asfalto



Soño.

Soño o verán

o trigo

os dous

tendidos

os dous durmidos.

Amándonos

durmidos

perdidos

en nós

mesmos.

Verán.

Soño o verán.

O trigo.



Arrastra o vento
remuíños de follas
no bosque espido.



E polo aire
fugaces coma os sonhos
pasan as aves.



O arco da vella
entre a choiva e o sol
ponte dos soños.



Asomada ás pálpebras da noite
dixéchesnos adeus. Logo
sorriches dende as resplandecentes
pupilas dunha estrela.
Fío de fume dese soño que me achegou a ti
polo ar escuro.
Durmida nun ronsel de vagalumes.



Frauta do inverno.
Por entre as ramas núas
asubía o vento



Soñaba o vento
que levaba prendidas
lúa, as túas trenzas.



A bolboreta
abanico no aire
flor entre a herba.



Faro, ti es pedra, luz, espírito de espuma e auga

coloso agasallado polo sol e os ventos

lumieira de odiseas e lusiadas.

Faro que no rumoroso son das ondas

escoitaches as voces de Homero e de Camoes

e no luceiro do amencer captaches

o sorriso de Venus.

Preto de ti a milleiros, coma as aves,

achegáronse naos fenicias e romanas,

pobos que no Atlántico deixaron

pensamentos e cinzas espalladas.

O teu ollo de ciclope viuno todo

e alumeou as tebras dos séculos, dos mares.

Xa es raíz do tempo torre de Hércules.

Xa es eternidade.



Ave que emigra
con ela vanse os días
de sol e brisas.



Branca camelia
flor invernall, distante
de aroma espida.



De luz e paxaros
enchéseme a alma ao mirarte
gozoso maio.



Ti

xa nun xardín

onde a luz é presenza.

Onde non nace a noite

se non que morre.

Afogada en mareas de astros.



Cando cada letra do meu violino escriba o teu nome

e os sonidos siderais baixen por min a cantarte

Comezarás a existir

novamente

Luísa Villalta